




XUNTA DE GALICIA
 DELEGACIÓN TERRITORIAL
 DA CORUÑA
 Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

r/ Gregorio Hernández, 2-4
 15011 A CORUÑA
 Tel. 981 15 58 00
 Fax 981 15 58 01



**FESSGA-FED.SALVAMENTO E SOCORRISMO
 DE GALICIA**
 HABITAT, 8-B-I-PERILLO
 15172 OLEIROS

Nº de expediente: SA301A 2013/131-1

Achego resolución de data 21/11/2013 pola que se outorga parcialmente o recoñecemento de interese sanitario para CURSO MANEXO DESFIBRILADOR SEMIAUTOMATICO, organizado por FEDERACION SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA.

A CORUÑA, 22 de novembro de 2013
 A XEEA DO SERVIZO



**FEDERACIÓN DE SALVAMENTO
 E SOCORRISMO DE GALICIA**

23 DIC. 2013

ENTRADA Nº 77



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade

r/ Gregorio Hernández, 2-4
15011 A CORUÑA
Tel. 981 15 58 00
Fax 981 15 58 01

Nº de expediente: SA301A 2013/131-1

Vista a solicitude co rexistro de entrada nesta xefatura territorial nº 2013/13432 de data 11/11/2013, e formulada por FESSGA-FED.SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA, na que se solicita o recoñecemento de interese sanitario para CURSO MANEXO DESFIBRILADOR SEMIAUTOMATICO, organizado por FEDERACION SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA

RESULTANDO: Que o informe do Servizo de Xestión emítese en sentido favorable ao solicitado para as datas 14/12/2013, 18/01/2014, 15/02/2014, 22/03/2014, 12/04/2014, 10/05/2014, 17/05/2014, 24/05/2014, 07/06/2014, 14/06/2014 e 21/06/2014, e

RESULTANDO: Que o informe do Servizo de Xestión emítese en sentido **desfavorable** ao solicitado para a data 16/11/2013, por non axustarse ao artigo 3º no que se establece que a solicitude deberá formularse polo menos, cun mes de antelación ao inicio da actividade de que se trate.

CONSIDERANDO: Que esta Xefatura Territorial de Sanidade da Coruña é competente para coñecer e decidir sobre a cuestión proposta de conformidade co disposto no artigo 2º da Orde do 7 de maio de 1992, pola que se regula o recoñecemento de interese sanitario para actos de carácter científico, e o Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación:

RESOLVO:

1º.- Outorgar o recoñecemento de interese sanitario a CURSO MANEXO DESFIBRILADOR SEMIAUTOMATICO, organizado por FEDERACION SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA, que se vai celebrar en SEDE DA FEDERACION, o 14/12/2013, 18/01/2014, 15/02/2014, 22/03/2014, 12/04/2014, 10/05/2014, 17/05/2014, 24/05/2014, 07/06/2014, 14/06/2014 e 21/06/2014.

2º.- Ordear a súa inclusión no rexistro de actos, reunións, cursos, congresos e xornadas do Servizo de Xestión.

O dito recoñecemento, segundo o disposto no artigo 6º da orde citada, implica a obriga para o comité organizador ou, en todo caso, os órganos de dirección da asociación ou entidade organizadora do acto, de remitir a este departamento territorial, no prazo de dous meses a partir da data do remate do acto, as conclusións ou acordos adoptados.

3º.- Denegar o recoñecemento de interese sanitario a CURSO MANEXO DESFIBRILADOR SEMIAUTOMATICO, organizado por FEDERACION SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA, que se vai celebrar en SEDE DA FEDERACION o 16/11/2013.

Contra esta resolución poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA ante a Sra. Conselleira de Sanidade no prazo de **1 mes**, contado a partir do día seguinte á súa notificación, de conformidade co estipulado nos arts. 114 e 115 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro,

A CORUÑA, 22 de novembro de 2013

A Xefa territorial

Cristina Pérez Fernández

